



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G003/000262

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DE ADMITIDOS-EXCLUIDOS PROCESO SELECTIVO PEON APROL RURAL 2021, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PROBAS

EXPEDIENTE:2021/G003/000262

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 05.07.2021, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal dun peón para realización de labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida Aprot rural 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña. Presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Ordes e publicáronse as bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

Visto o resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Ordes e rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se eleva a definitiva dado que non existe necesidade de subsanación.

1.- Admitidos/as:

DNI	APELIDOS E NOME	CELGA
****504**	Carro Manteiga Josefa	Si
****878**	Fila Sánchez Manuel Ramón	Non

2.- Excluídos/as:

- López Fila Esteban. NIF ****471**.

Motivo exclusión: Presentou no concello renuncia á participación no proceso de selección.

SEGUNDO.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do proceso selectivo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G003/000262

Presidente.

Titular: Don Ramiro Rama Figueira, funcionario do Concello de Ordes.

Suplente: Don Pedro Ferreiro Rodríguez, funcionario do Concello de Ordes.

Vogais titulares:

1. Don Luís González Guerra, persoal fixo do Concello de Boimorto.
2. Don Luís García Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Curtis.
3. Dona Carmen Blanco Villares, funcionaria do Concello de Mesía.

Vogais suplentes:

1. Don Manuel Vázquez García, persoal fixo do Concello de Boimorto.
2. Fernando Ares Miraz, persoal fixo do Concello de Curtis.
3. Dona Ana María Vallo Camba, aedl do Concello de Boimorto.

Secretario, con voz e sen voto:

Titular: Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario-Interventor do Concello de Mesía.

Suplente: Dona Rosa M^a Buján Ordóñez, Secretaria-Interventora do Concello de Curtis.

TERCEIRO: Convocar aos aspirantes que non acreditaron o celga e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba oral de lingua galega o día 19.07.2021, ás 09.00 horas, na Casa Consistorial sita na parroquia de Xanceda.

CUARTO: Convocar aos membros do tribunal cualificador para avaliar a documentación da fase concurso, que terá lugar o luns 19 de xullo de 2021 ás 09:15 horas na Casa Consistorial sita en Xanceda.

QUINTO.- Convocar a todos os aspirantes e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba práctica que terá lugar ese mesmo día, 19.07.2021, ás 09.30 horas, no almacén municipal sito no lugar de A Igrexa, parroquia de Boado.

SEXTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G003/000262

En Mesía, xoves 15 de xullo de 2021

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro

FIRMADO POR Mariano Iglesias Castro (FECHA: 15/07/2021 10:12:00)
Decreto Nº: 252/2021 - Fecha de decreto: 15/07/2021
Versión imprimible

CVD: 89Rp1W7/R0kttk8CdJgII
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.